

O Concello inviste 208.000 euros en mellorar 18 rúas do municipio

Páxina 5



O novo colexio de Nós xa está en construción

Páxina 9

Concello de  Oleiros

Vivir en Oleiros

Número 44
Maio 2014
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Imaxe do aspecto que presentaría a ponte da Pasaxe coa ampliación que propón o Goberno local de Oleiros



O roteiro cultural amosa o Oleiros máis literario

Páxina 20

Chega o programa deportivo municipal para o verán

Páxina 18

As escolas municipais de música e danza pechan o curso cun carrusel de actuacións

Páxina 19

O Concello continúa a loitar pola ampliación da ponte da Pasaxe

■ Os repetidos atascos na ponte da Pasaxe continúan colapsando os accesos á cidade da Coruña. O goberno local de Oleiros leva anos solicitando a ampliación desta vital infraestrutura para a comarca pola que diariamente circulan máis de 90.000 vehículos. A ampliación da ponte da Pasaxe proposta por Oleiros é unha obra sinxela que solucionaría gran parte dos problemas de tráfico neste punto.

Páxinas 12 e 13

Alfaroleiros e as competicións deportivas serán os protagonistas da axenda de verán

A tradicional feira de olería organizada polo Concello chega este ano á súa vixésima edición. Artesáns de todo o país exporán os seus traballos no parque Luís Seoane de Santa Cruz do 6 ao 10 de agosto nunha semana chea de actos culturais. Antes, no mes de xuño, o triatlón que se disputa anualmente en Mera reunirá os incondicionais deste deporte de toda Galicia.

Páxinas 18 e 21

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

Eleccións Europeas

O resultado das próximas eleccións europeas pode ser determinante para o futuro do noso país. Non podemos permanecer indiferentes e decidir con iso vivir á marxe dos nosos veciños. Non podemos enrocarnos en posicións egocéntricas, propias doutros tempos, e pretender sobrevivir de xeito autosuficiente, porque non é posible.

A integración en Europa requiriu sacrificios pero tamén achegou moitos beneficios.

Houbo un tempo, nos anos máis escuros de España, nos que desenvolvemos un complexo de inferioridade con respecto a Europa. Despois, coa chegada da

democracia, aflorou a idea de que Europa era como un parente rico ao que podíamos pedirlle todo e non dar nada.

Foron anos nos que recibimos grandes fondos estruturais, chegados desde Bruxelas, para acometer obras de interese público que favoreceron o noso tránsito á modernidade e xeraron moitos postos de traballo, acurtando a brecha entre ricos e pobres. Anos tamén nos que a corrupción pouco a pouco ía escalando na cúpula do poder, ata tal punto que os cidadáns sentiron defraudada a confianza depositada nos seus mandatarios que desviaron boa parte deses fondos en acometer obras suntuarias, de

“embelecemento”, dedicadas ao ladrillo, que pouco ou nada tiñan que ver coa depuración biolóxica dos residuos urbanos ou coa construción de equipamentos sociais aos que estaban destinados.

Pero España está avanzando en protagonismo social e a súa clase dirixente xa non pode tirar máis do teto sen dar nada a cambio. Para a cidadanía estar en Europa ten que significar tamén estar disposto a intervir nos seus órganos de decisión e aí temos a nosa responsabilidade co voto. Non podemos consentir, coa nosa abstención, que negocien ás nosas costas condicións favorables para a grande banca á custa de claudicar na defensa dos inte-

reses lexítimos dos nosos sectores estratéxicos: pesqueiro, de construción naval, agropecuario..., nin podemos consentir que non teñan en conta nas súas decisións a clase traballadora, ao tecido produtivo..., porque ata agora, as políticas arancelarias e impositivas, as cotas na actividade pesqueira, por exemplo, non mereceron a dedicación que era precisa de ministros mediocres en Madrid.

Necesitamos votar para reforzar con iso o noso apoio a quen defendan os nosos intereses en Bruxelas, sexamos responsables e votemos, pero votemos tamén con sensatez e xuízo crítico para non ter que lamentarnos despois.



Partido Popular de Oleiros / Voceiro do Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

Alternativa dos promotores

El gobierno de Alternativa dos Veciños lleva años vendiendo que el plan general iba a ser la salvación de Oleiros. Cinco años después de su aprobación, los promotores han abandonado el ayuntamiento, las urbanizaciones están a medio terminar o

con las parcelas vacías, y el gobierno ha renunciado a vender las suyas porque nadie las compra. Las consecuencias: no hay ingresos, los servicios han empeorado y se han subido los impuestos y las tasas. Pero eso no ha sido suficiente.

Así que ahora, el gobierno municipal ha decidido obligar a los vecinos a convertirse en promotores: el gobierno contrata las obras de urbanización y los vecinos las pagan. Da igual que luego no se pueda construir, ni que los vecinos no

tengan dinero para pagar. El caso es dar la impresión de que todo sigue igual, de que hay nuevas obras. Pero la verdad es que el ladrillo está muerto en Oleiros, igual que Alternativa dos Veciños, solo que, como en la película, ellos aún no lo saben.



Grupo Municipal Socialista / Voceiro do Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

De ben nados é ser agradecidos

Gustaríame solicitar para o alcalde de Oleiros todo o recoñecemento que merece por publicar periódicamente este “Vivir Oleiros” no que el escribe o que lle peta. Un periódico singular porque o escribe un, pero plural na súa financiación, porque o pagamos tódolos veciños cos impostos que il nos sube. ¿Qué pensará o alcalde para sentir a necesidade de gastar os cartos que costa o Vivir Oleiros?. Pensará que os oleiros non lemos a Voz de Galicia, nin a Opinión, ou que non temos internet para informarnos. Pensará que non escoitamos os programas de espazos comprados nas radios privadas. Ou será que considera prioritario gastar os cartos de todos nesta publicación na que todos podemos comprobar o bo

alcalde que temos. Que non hai obras na rúa. ¡Diso nada!, xa lin no Vivir Oleiros que si. Que sube a auga un 18%. ¡Diso nada!, non o dixo o Vivir Oleiros. E se queda algunha dúbida do bo facer do alcalde, sempre pode escoitar Radio Oleiros, coa tranquilidade de que ningún concelleiro da oposición nin veciño “molesto” poderá falar por ela; así que o alcalde tamén lle poderá aclarar o ben que o fai o alcalde. Se lle somos sinceros, no PSdeG-PSOE temos moitas dúbidas sobre se está máis xustificado gastar os cartos no “Vivir Oleiros” ou no coche oficial do

alcalde. E non encontramos argumentos nesta publicación para seguir a malgastar eses cartos. Por iso propuxemos que con eses os parados poidan asistir ós cursos para sacar o título da ESO gratuitamente, cursos que imparte o Concello de Oleiros pero cobrándolles. A ensinanza obrigatoria en España sempre foi gratuita, pero iso en Oleiros non resultou posible; xa nos explicou o goberno municipal que para a ESO non había 5.782 euros, que os cartos eran para “ESO” outro. Os recortes no coche oficial e no Vivir Oleiros quedan para cando cambiemos de alcalde. Os de agora, o goberno municipal, incrementa as taxas das actividades e non acepta tarifas máis baixas nin nos cursos

ós parados para o título da ESO, nin na escola de música, nin na escola de danza, nin que as tarifas sexan progresivas. A esas andan. E xa se acabou o espazo para o noso artigo. Por iso, se cre que o que dicimos os socialistas non é razoable, que nunca é razoable, siga vostede lendo o Vivir Oleiros, onde non nos permiten máis que estas liñas, ou escoite a Radio Municipal, a emisora do réxime. Pero se vostede opta por coñecer diversos puntos de vista para formar a súa propia opinión, se cre que Oleiros é plural, e que a pluralidade nos fai máis libres, invitámolo a visitarnos, a participar no PSdeG-PSOE de Oleiros e a visitar www.oleiros.net Grupo Municipal Socialista.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

As políticas a favor da veciñanza non se fan con palabras, senón con feitos

“Oleiros é singular”: un Concello gobernado por unha forza independente, que se auto-proclama de esquerdas, que presume dun alto nivel de investimento cultural, social... Fronte a esta imaxe-propaganda, convidamos a toda a cidadanía a analizar os contidos dos Plenos Municipais, nos que atopamos:

Unha **actitude** antidemocrática e personalista do alcalde, que entende a política como un “comigo ou contra min”, e que despreza todas as propostas e ideas que non saen del —cando non se apropia das mesmas noutros momentos—. Rexeitando xa non as iniciativas da oposición, senón mesmo impedindo que poidan presentarse

e debaterse. E no **contido**, rexeitamento de todas as propostas, mesmo as respaldadas con sinaturas dos veciños, como a creación dunha axencia local de rehabilitación de vivenda, apoio ao comercio local, hortas urbanas, gravar o IBI das vivendas baleiras propiedade dos bancos... Ou recentemente,

negándose sequer a falar da situación da veciñanza de Perillo afectada pola urbanización do Pol-16, obrigada polo concello, que nin sequer escoita as súas alegacións —e que foron levadas polo BNG ao último Pleno—. As políticas a favor da veciñanza non se fan con palabras, senón con feitos.

EDITORIAL

● O Honor

◆ Hai quen se cre que o honor é un dereito reservado a determinadas persoas e gremios, ou que está adscrito a unhas castas que, polo simple feito de ocupar cargos e ter poder nalgunha administración pública, están tocadas pola man divina.

Hai quen se coloca por riba dos demais porque os consideran descastados e inferiores e pensan que lles deben obediencia e submisión, pero o honor non é patrimonio de ningún reiciño nin dos seus acólitos. Non por estar no alto dunha administración alguén se pode considerar superior e esixir acatamento aos seus administrados.

O honor é algo que non está ligado a ningún hábito:

Un cardeal non o é polo seu reberete, nin polo seu traxe púrpura.

Un xeneral non o é pola súa gorra, as súas estrelas ou as súas armas.

Un xuíz non o é por vestir unha toga.

Hai quen por ter eses adornos se sente intocable, posuído da verdade absoluta e bendicido pola man divina. Os intocables eran os de Eliot Ness pero tamén os da casta máis baixa da India.

O honor non é algo que se consegue ou se compra con servilismo ao poder. O honor gáñase no día a día coa tolerancia cero fronte ao nepotismo, fronte ao corporativismo que blindo privilexios, fronte ao tráfico de influencia, a malversación e tamén facendo fronte á mala vontade dos poderosos cara aos singulares e distintos que non se dobregan ante o seu poder sibilino.

O honor non se logra querendo acalar as voces discrepantes, as voces que denuncian a quen se desvía de cumprir fielmente coas obrigas do seu cargo, danando a credibilidade das institucións, salvagardas dos dereitos e liberdades, que son o fundamento da constitución e do sistema democrático.

O honor é algo que se cultiva ao longo dunha vida e que conceden as persoas coas que convives, que respectan e recoñecen como xusta a conduta persoal e humana no quefacer diario de cadaquén.

O honor identifica e valora a nobreza dos individuos polas súas obras a través do tempo.

Orgullosos de vivir en OLEIROS

O Concello inviste 130.000 euros en remodelar a casa do pobo de Perillo

◆ O Goberno local levará a cabo un conxunto de obras na casa do pobo de Perillo encamiñadas a mellorar a eficiencia enerxética e o confort neste utilizado equipamento. A casa do pobo de Perillo acolle unha grande actividade municipal e veciñal a través dos programas organizados polo Concello e polos colectivos veciñais. Estes traballos, cun investimento total de 130.000 euros, permitirán unha mellor conservación das instalacións e provocará un importante aforro para as arcas municipais posto que o gasto enerxético se verá sensiblemente reducido.

Durante a obra instalárase tarima flotante nas salas de actividades e renovarase a carpintería metálica das ventás instalando cristais con cámara que evitarán a fuga de calor e mellorarán tanto o illamento térmico como acústico. Ademais, esta obra, que empezará a executarse nas próximas semanas, inclúe o cambio de enerxía que alimenta o sistema de calefacción da casa do pobo de Perillo que substituirá a electricidade por unha caldeira de gas natural.



As casas do pobo de Dorneda e Lorbé contarán con novas fiestras

◆ O Concello de Oleiros renovará as fiestras das casas do pobo de Dorneda e Lorbé. Estes edificios rexistran unha grande actividade ao longo de todo o ano e acollen a programación municipal para nenos e nenas e persoas maiores polo que o aumento do confort é unha prioridade. O investimento total nestes traballos será de 47.832 euros. O edificio de Dorneda renovará todas as súas fiestras mentres que a casa do pobo de Lorbé substituirá as da primeira planta, pola súa parte as da segunda, en mellor estado de conservación serán arraxadas.



Mellóranse as bibliotecas de ◀ Dorneda e Santa Cruz ▶



◆ A biblioteca municipal María José Ruso, situada na parroquia de Dorneda, será mellorada. O Concello levará a cabo varios traballos encamiñados a preservar a conservación deste utilizado edificio municipal na urbanización de Arillo. Os traballos inclúen a renovación da pintura exterior de todo o complexo. Así mesmo vaise optimizar o illamento da fachada norte e levaranse a cabo varios arranxos na cuberta. Por último, realizarase unha nova drenaxe na parcela anexa para evitar posibles humidades na instalación.

Pola súa parte, a biblioteca Rosalía de Castro de Santa Cruz, substituirá as fiestras de madeira por novas de carpintería metálica cunha maior capacidade de illamento o que carreará unha mellora na eficiencia enerxética do edificio.

A Deputación rexeita os proxectos presentados polo Concello para incluír no Plan DCT-93

■ O Goberno local tratará igualmente estas obras con fondos propios

◆ Os proxectos que se detallan nesta páxina foron aprobados no pleno do pasado mes de abril a proposta do grupo de Goberno para ser financiados a través do Plan DCT-93. Pero a estrita interpretación que a Deputación fai do Real decreto-lei que modificou este plan impide que Oleiros poida tratar estes traballos con eses fondos. De todas formas, o Goberno local de Oleiros, cumprindo co seu programa, levará a cabo estas melloras con financiamento propio. Así mesmo, utilizará o diñeiro que lle corresponde polo Plan DCT-93 para realizar un proxecto de mellora da iluminación pública e de medidas encamiñadas ao aforro enerxético. Este proxecto inclúe a renovación de centros de mando, cambio de luminarias obsoletas e adecuación de potencia en diversas zonas de todo o municipio.

Oleiros destina 208.000 euros a asfaltar 18 rúas municipais ▶

◆ O Concello de Oleiros conta cun estudo no que se recolle o estado de conservación de todos os camiños municipais. Este documento marca as prioridades á hora de acometer traballos e renovar a capa de rodaxe nas vías municipais. Deste xeito, o Goberno local arranxará ao longo destes meses un total de 18 rúas municipais que presentan unha forte deterioración. O investimento total nestes traballos será de 208.000 euros. Nalgúns casos tan só é necesario actuar en lugares concretos facendo cortes e tapar fochas, mentres que noutros casos o estado do camiño recomenda darlle un tratamento continuo a toda a súa superficie.

<i>Rúas que serán asfaltadas por completo:</i>	<i>Rúas que serán asfaltadas parcialmente:</i>
<ul style="list-style-type: none"> ● Rúa Illa do Portelo ● Rúa Aperta ● Rúa Paraíso ● Rúa O Chasco ● Rúa Tileiros ● Rúa Olmos ● Rúa Basilio Álvarez ● Rúa Escondite ● Rúa Xan Vicente Viqueira 	<ul style="list-style-type: none"> ● Rúa Jiménez Herrero ● Rúa do Mar ● Avenida Valle Inclán ● Rúa Bartolomé de las Casas ● Rúa Miranda ● Rúa do Ensino ● Rúa da Xustiza ● Rúa Galileo Galilei
<p>Ademais destes asfaltados, levarase a cabo a pavimentación con formigón da rúa Céspedes e no camiño do Carragás. Así mesmo, o Concello arranxará as beirarrúas de entrada á Urbanización Rialta na rúa Aguaia. Por último, tratará a ordenación da rotonda de entrada á urbanización e zona comercial de Icaria, na rúa do Sendeiro.</p>	

O Concello inviste 6.500 euros en mellorar a seguridade viaria nas inmediacións do IES Miraflores

PLANTA
E: 1/500

ACTUACIÓNS

1. MODIFICACIÓN DA BEIRRURÍA
2. TRASLADO DE SUMIDOIRO
3. CREACIÓN DE PASO DE PEÓN ELEVADO
4. FRESADO E REPOSICIÓN DE PAVIMENTO
5. REPOSICIÓN DE BEIRRURÍA
6. REPINTADO DE ZIG-ZAG E CUADRÍCULA AMARELA
7. COLOCACIÓN DE DÚAS SINAIAS P-15a / S-13

SECCIÓN A-A'
E: 1/100

◆ O Concello mellora a seguridade viaria nas inmediacións do IES Miraflores, na localidade de Oleiros. Os traballos consisten na creación dun paso elevado onde está a actual zona de paso de peóns. Así mesmo instalouse sinalización vertical para advertir a presenza de peóns en ambos sentidos de circulación e renovouse o pavimento, así como parte da beirarrúa. Ademais, o Concello cambiou de situación os contedores e pintou unha zona amarela para impedir estacionamentos que dificulten a visibilidade. O investimento total nestes traballos é de 6.500 euros.

Portos de Galicia accede á demanda do Goberno local e consolidará o noiro do peirao de Santa Cruz ▼

◆ Ao longo dos últimos meses o tramo final do peirao de Santa Cruz, sufriu pequenos derrubamentos debido a desprendementos na zona boscosa situada xusto detrás. Esta inestabilidade do terreo levou ao Concello a optimizar as medidas de seguridade balizando a zona polo perigo que supón para os viandantes a posible caída de pedras. Así mesmo o Goberno

local demandou de Portos de Galicia, responsable desta zona, que leve a cabo unha obra para consolidar o lugar. Finalmente, tras evitar que se instalase un agresivo muro de formigón que levaría un considerable impacto visual neste fermoso lugar, Portos accedeu á demanda do Concello e reducirá a pendente do noiro e construírá un muro de cachotería de pedra.

O Goberno local reclama á Deputación a mellora da seguridade viaria en varias vías da súa titularidade

◆ A pesar de que desde a Deputación provincial o seu presidente nega que o Concello de Oleiros demande melloras e infraestruturas ante este organismo, o Goberno local está canso de reclamar a ampliación das calzadas de titularidade provincial e a creación de beirarrúas e beiravías nestas para mellorar a seguridade viaria. Este é o caso da estrada entre Iñás e Oleiros na súa marxe dereita. Esta vía ten un alto risco de seguridade viaria xa que carece do espazo necesario para o tránsito de peóns. Do mesmo xeito, a estrada que conduce desde Coruxo a Montrove sofre o mesmo problema de seguridade, acrescentado se cabe, polo elevado tránsito de vehículos e peóns por esta vía. Especialmente significativo é o punto entre Muíño do Vento e a igrexa de Liás, onde as reducidas dimensións da calzada impiden o tránsito simultáneo de dous vehículos.

Outra vía de titularidade provincial que presenta un estado deficiente e suspende en seguridade viaria é a baixada ao porto de Lorbé, na que os traballadores e usuarios deste porto se xogan a vida a diario pola carencia total de beirarrúas. Ademais o estado de abandono das inmediacións da vía, chea de maleza, obriga aos viandantes a transitar pola calzada.

Ademais das estradas sinaladas existen outras vías responsabilidade da Deputación que presentan carencias e necesitan ser melloradas, pero as sinaladas con anterioridade son as que posúen un maior risco para a seguridade e as que necesitan unha urxente actuación por parte desta administración.



Continúa o proceso xudicial contra a Deputación polo reparto irregular de 17.857.736 euros ▼



◆ No pasado mes de decembro os concellos de Teo, Narón e Oleiros presentaron un contencioso-administrativo contra o reparto irregular de 17.857.736 euros pertencentes a fondos da Deputación provincial nos que se marxinou aos municipios gobernados por formacións políticas independentes. De forma paralela a este proceso, solicitouse ante a Audiencia provincial un recurso no que se solicitaba a suspensión do acordo da Deputación polo que se executaba este reparto.

A sala do contencioso administrativo admitiu a trámite estas denuncias, polo que o proceso xudicial continúa. Respecto á petición de anulación do acordo para bloquear o reparto, considerou que non procede a súa suspensión, dado que en caso de que a sala de contencioso fallase a favor dos concellos demandantes, estes terían sempre outras vías para ser compensados polo ente provincial.

A casa do mar de Mera continúa infrautilizada



■ Vista da planta baixa da casa do mar de Mera. En cor azul, o espazo que ocupa o local da confraría, en cor verde a área na que está o centro médico e en vermella sinálase o espazo infrautilizado

◆ Inexplicablemente a casa do mar de Mera, como centro social situado na parroquia de Maianca, non está na actualidade a prestar no seu conxunto un servizo adecuado aos veciños desta localidade. O consultorio médico para as parroquias de Serantes, Maianca e Dexo, situado na planta baixa deste inmoble, ocupa un espazo mínimo, mentres que o 50% desta planta está a ser infrautilizado, agás un local de 20 metros cadrados que a confraría ten como oficina para xestionar a súa actividade.

O resto desta planta baixa estaba adxudicada ao Instituto Social da Marina e co cambio de lexislacións a competencia sobre este equipamento foi transferida á Xunta de Galicia. O Concello de Oleiros demandou no pasado e en reiteradas ocasións a ampliación deste centro médico aproveitando o espazo dos locais baleiros, pero, a Xunta, durante o goberno do bipartito, para evitar cumprir con esta demanda municipal cedeu en precario o uso dos locais baleiros á confraría de pescadores de Mera para albergar actividades que nunca se levaron a cabo. É dicir, bloqueouse a ampliación do centro de saúde, os locais están infrautili-

zados e os colectivos veciñais culturais e deportivos da parroquia, como a asociación Punta Bufadoiro, o Club de Remo de Mera ou a asociación de veciños de Maianca no poden gozar deste espazo baleiro por impedimento da citada confraría.

Pola súa parte, a planta alta do inmoble, que estaba a ser utilizada pola asociación de pensionistas de Mera, pero estes víronse desaloxados ante a proposta electoralista do Partido Popular, que pretendía montar un centro de día para maiores nesta planta. O Concello tivo que habilitar un local privado na praza Ana Kiro para que os usuarios e usuarias puidesen continuar coas súas actividades mentres se levaban a cabo as obras na planta alta da casa do mar. Tres anos despois e coas obras finalizadas, 350 metros cadrados dos 400 que ten a planta, continúan sen prestar servizo á comunidade, nin como centro de día, nin como centro cívico. Desde a Alcaldía do Concello de Oleiros lévase reclamando ante as distintas consellerías da Xunta de Galicia a posta en servizo sen que ata a data, por intereses partidistas dalgún membro da confraría, os veciños puidesen gozar dun patrimonio que é seu.

Aprobado o texto refundido do Plan xeral ▼

◆ O pleno do Concello de Oleiros celebrado o pasado 28 de abril aprobou, co voto favorable do Goberno de Alternativa e o do grupo municipal do PSOE, e coa abstención de PP e BNG, o documento do 11 de marzo de 2009 no que a Xunta de Galicia aprobaba definitiva e parcialmente o PXOM. Con este documento, que modifica o ámbito da pegada sonora imposta por Aviación Civil e AENA, libéranse máis de 2,5 millóns de metros cadrados de solo que no Plan teñen a cualificación de urbano, urbanizable ou zonas protexidas e que afectaban principalmente á parroquia de Liáns e

parte de Dorneda. Deste xeito, completade a aprobación definitiva do Plan xeral en todo o termo municipal.

É de lamentar que desde a aprobación inicial o 11 de marzo de 2009 tiveron que transcorrer cinco anos de xestións por parte do Concello ante os tribunais e as distintas administracións, autonómica e do Estado para demostrar que o que o Concello defendía estaba amparado na legalidade vixente. O documento recolle outros aspectos e corrixe anomalías que xurdiron ao longo deste proceso.

A UTILIZACIÓN DO PUNTO LIMPO NON É UNHA ALTERNATIVA, É UNHA OBRIGA. ÚSAO

■ HORARIOS: de luns a venres, de 09:30 h a 13:00 h e de 15:30 h a 19:00 h ● Sábados: de 09:00 h a 14:00 h

O Concello contratará 42 traballadores para reforzar a actividade durante o período estival ▶

◆ O Concello de Oleiros reforzará o persoal municipal durante o período estival coa incorporación de 42 novos traballadores e traballadoras. O obxectivo é garantir a seguridade cidadá durante este período, durante o que se rexistra un aumento considerable de visitantes no noso municipio pola actividade nos areais e polo incremento do turismo. Deste xeito, o Concello incorpora 31 socorristas, dos que 6 serán xefes de equipo encargados de coordinar o servizo de salvamento e socorrismo. Ademais contrátanse seis sanitarios e catro auxiliares de policía local. Estes traballadores levarán a cabo a súa actividade temporalmente durante a tempada de verán, comprendida entre o 15 de xuño e o 15 de setembro.



O Concello destina 122.905 euros á limpeza das praias este verán ▶

◆ O Concello inviste un total de 122.905 euros na limpeza dos areais durante o período estival. Os traballos preliminares comezarán a última semana deste mes de maio cando se preparará o terreo nos areais. Posteriormente, a partir do día 1 de xuño realizaranse limpeza diarias nos principais areais: Santa Cristina, Bastiagueiro, Naval, Santa Cruz, Mera e Espiñeiro. Mentres que nas calas de Canaval, Portelo, Canide e Cala do Casal levarase a cabo unha limpeza semanal. Ademais destas limpeza ordinarias, realizaranse dúas limpeza extraordinarias nos areais de Bastiagueiro e Mera tras a celebración do San Xoán e a tradicional sardiñada.



Oleiros adecuará os terreos nos que se construírá o novo complexo deportivo da zona norte ▼

◆ O Concello de Oleiros conta xa coa totalidade dos terreos para a construción dun novo complexo deportivo na zona norte do municipio previsto no Plan xeral. Este complexo albergará o novo campo de fútbol. A adquisición deste solo de 19.500 metros cadrados foi posible grazas á cesión anticipada dos terreos por parte dos seus propietarios a través de convenios co Concello nos que se lles compensa con edificabilidade noutros lugares, concretamente en futuras urbanizacións situadas en Mera e en San Pedro de Nós. O Goberno local procederá nun breve prazo de tempo a preparar os terreos con traballos que permitirán a eliminación de desniveis e a adecuación do terreo para a construción da instalación deportiva.



Os cans non poden estar soltos nas zonas verdes



Son moitos os veciños e veciñas que cumpren as súas obrigas respecto ao coidado dos animais de compañía, pero continúa a haber un pequeno número de persoas que incumpren coa normativa de levar os cans con correa e que non realizan a recollida de excrementos. En ningún caso, os cans poden camiñar soltos polos parques, praias e zonas verdes do municipio.

En marcha a construción de dous edificios de vivendas protexidas ▼



◆ Por fin, tras tres anos de trabas motivadas polos retrasos do Ministerio de Facenda e o Instituto Galego de Vivenda e Solo da Xunta, foron adxudicadas polo Concello as parcelas municipais para a construción de vivendas protexidas ás dúas cooperativas. Estes cooperativistas, que durante os últimos meses viron truncada a construción das súas vivendas por problemas burocráticos e a falta de crédito por parte das entidades bancarias, iniciaron xa a construción dos edificios. Un dos edificios, de 8 vivendas, está situado na urbanización Obelisco, en Oleiros, mentres que a outro, de 27 vivendas en tres bloques, está fronte ao hotel Portocobo, no centro de Santa Cruz.

En ambos os dous casos, e debido á longa espera, algúns dos cooperativistas renunciaron a participar debido a situacións persoais e laborais, polo que neste momento no edificio que se constrúe en Oleiros existe a posibilidade de adquirir dúas vivendas mentres que no de Santa Cruz están dispoñibles catro. Aquelas persoas interesadas en adquirir un destes inmobles pode falar coas cooperativas cuxo contacto será facilitado a través do departamento municipal de Servizos Sociais.

Oleiros consegue 384 cesións de solo dos 386 propietarios afectados pola obra de mellora da estrada Santa Cruz-Mera

■ *A Xunta non ten impedimento para levar a cabo esta importante obra.*

◆ O Concello de Oleiros consegue 384 cesións de solo dos 386 propietarios afectados pola futura obra de ampliación e mellora da estrada Perillo-Mera no tramo comprendido entre Santa Cruz e Santa Ana, en Mera. O Concello levaba meses traballando nesta tarefa a través do departamento de Obras Públicas. O Goberno local, que demandou a mellora desta estrada á Xunta de Galicia, adquiriu o compromiso co

Goberno autonómico de conseguir os terreos necesarios para poder levar a cabo esta mellora. A Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas investirá máis de 2,5 millóns de euros neste importante proxecto. O alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, destacou a predisposición e colaboración dos propietarios.

Comeza a construción do novo colexio en Nós

◆ O pasado mes de marzo comezou a obra de construción do novo colexio de educación infantil e primaria situado na parroquia de Nós. Deste xeito cúmprese unha demanda do Goberno local e dos colectivos veciñais que durante anos pelexaron para que este necesario colexio fose unha realidade. O centro educativo sitúase nunha parcela de 11.400 metros cadrados na que o Concello investiu 300.000 euros para posibilitar a súa construción. As obras do edificio que alberga o novo centro escolar estará rematada para o inicio do curso 2015/2016.

O novo colexio de Nós contará cun total de 2.948 metros cadrados de superficie edificable repartidos nunha planta baixa de 1.592 metros cadrados, e dúas alturas máis de 793 e 562 metros cadrados. O investimento total nesta infraestrutura será de 5.047.982 euros e o seu prazo de execución é de 18 meses. O centro escolar estará dotado de seis aulas de educación infantil e doce de primaria, o que permitirá atender á forte demanda de matrículas deste tipo que ten o noso municipio. Ademais contará con catro aulas de apoio, unha sala de usos múltiples, comedor e ximnasio.



Adxudicada a casa do Arxentino

◆ O complexo hostaleiro A Casa do Arxentino xa ten adxudicatarios e abrirá as súas portas de inmediato. Os novos xerentes son uns recoñecidos profesionais do sector que levan anos dirixindo con éxito un coñecido restaurante do municipio. Para levar acabo esta adxudicación o Concello contou co asesoramento doutros dous recoñecidos restauradores Alfredo Castelo, de El Refugio, e Juan Crujeiras, do restaurante La Estación, de Cambre. Así mesmo, ambos os dous participarán na valoración das ofertas para adxudicar o restaurante A Fábrica.

Oleiros leva a cabo unha recuperación do mobiliario público deteriorado ▼



◆ O Concello de Oleiros realizou un inventario da situación na que se encontra o mobiliario urbano. Neste documento recolleuse o estado dos bancos, marquesiñas, papeleiras, faladoiros, xogos infantís etc. A maior parte deste mobiliario está construído en madeira polo que co paso do tempo foise deteriorando. O estudo realizado reflectiu a necesidade urgente de mellorar estes utilizados equipamentos polo que o Concello procedeu á contratación dun pintor que ao longo dos próximos meses restaurará bancos e papeleiras. En canto aos parques infantís e outras infraestruturas o Concello procederá a contratar os traballos de recuperación.



A fonte de Canaval, un manancial de auga extraordinaria



◆ No concello existen ao redor de 80 mananciais tradicionais e fontes públicas, situadas por todo o territorio municipal. Entre todas estas destaca unha fonte cuxas augas son dunha calidade singular, dado que nas distintas análises que se efectúan non rexistran ningún nivel de contaminación. Esta fonte sitúase nunha paraxe natural no acceso ao Seixo Branco, na zona norte do municipio, e é coñecida como fonte de Canaval. Son moitos os que utilizan a diario este manancial para recoller auga destinada ao consumo persoal.

O Concello obrigado a talar catro exemplares de chopo enfermos ►

◆ O Concello viuse na obriga de talar catro exemplares de chopo no parque José Martí de Santa Cristina. Estas árbores, de gran tamaño, estaban afectadas por diversas enfermidades que os convertían en elementos con alto risco para os usuarios e usuarias deste emblemático contorno. Os chopos son árbores cunha lonxevidade curta, cunhas características moi particulares en canto ao crecemento, durabilidade da madeira e comportamento ante as agresións, tanto naturais como as producidas polas podas. Estes exemplares estaban invadidos por fungos parasitos que provocaban grandes podremias, coa conseguinte perda de resistencia, polo que os técnicos municipais non tiveron máis remedio que proceder á súa tala.



Unha estación de servizo ameaza a praia de Bastiagueiro e o seu contorno ▼

■ Un grupo promotor litiga co Concello para instalar unha gasoleneira nas inmediacións do areal



◆ Desde hai máis de 30 anos lévase intentando instalar unha gasoleneira fronte á urbanización Bastiagueiro e nas inmediacións da praia. Os distintos plans xerais do Concello así como o Plan especial de protección do contorno da praia de Bastiagueiro impedían ese tipo de actividades nas inmediacións dun dos areais máis importantes do municipio. O actual plan especial declara zona verde todo o contorno entre a avenida Che Guevara e o areal e sinala como zona de aparcadoiro os terreos ao lado da estrada entre a avenida Che Guevara e a urbanización Bastiagueiro, así como os terreos situados fronte ao restaurante As Covas. Na actualidade, e despois de que o terreo fose transferido en máis de tres ocasións por non conseguir os seus distintos propietarios o obxectivo desexado de instalar unha estación de servizo, unha vez máis, un novo grupo promotor está a litigar contra o Concello para conseguir a ansiada estación de servizo. Para iso alega que estes terreos están catalogados como zona de servizo de estrada pero ignorando que no Plan xeral e no Plan especial se estipula como zona de aparcadoiro e non para actividades perigosas tanto desde o punto de vista medio ambiental para a praia e o seu contorno marítimo, como para a comunidade de centos de familias que residen na zona lindeira coa citada parcela.

Continúa a batalla contra a planta invasora cortaderia selloana, coñecida como “plumacho”



◆ O Concello de Oleiros leva dous anos requirindo en repetidas ocasións a eliminación da planta cortaderia selloana, coñecida como plumacho, pola ameaza que esta representa para a fauna autóctona, o noso ecosistema e a paisaxe galega. Pero para a erradicación desta especie invasora non é suficiente con cortala, xa que se trata de exemplares cunha forte raíz, que se afianza no terreo e volve a brotar meses despois de ser eliminada. Por iso é necesario aplicar un herbicida específico, que queima a raíz e impide que esta volva a brotar. De forma paralela á queima da raíz é necesario tomar precaucións coa característica flor desta planta, xa que se non se elimina e se deixa no terreo despois da súa roza as sementes poden espallarse chegando a percorrer quilómetros coa axuda do vento.

O Goberno local recorda que é obriga de todos os propietarios de terreos afectados por esta planta colaborar para a súa erradicación. Así mesmo, sinala que o importe das sancións por incumprir este bando municipal son superiores ao custo que supón a correcta eliminación dos plumachos. Só coa implicación de todos será posible a eliminación desta ameaza.



O Goberno local seguirá a demandar a ampliación da ponte da Pasaxe

Esta infraestrutura supón un embude para un dos principais accesos da comarca da Coruña por onde transitan diariamente máis de 90.000 vehículos

◆ Son xa varios anos os que o Goberno local de Oleiros leva demandando a ampliación da ponte da Pasaxe. Este viaduto é, sen dúbida, un dos puntos negros na comarca da Coruña, xa que cada vez que se produce un pequeno accidente, e son moitos ao longo do ano, os accesos á cidade quedan totalmente colapsados en ambos sentidos de circulación creándose colas quilométricas. Pola ponte da Pasaxe circulan diariamente máis de 90.000 vehículos sendo unha das vías de circunvalación con maior índice de tránsito de Galicia.

A negativa do Ministerio de Fomento a atender esta demanda e a total desidia e falta de interese á hora de solicitar a mellora mostrada polos

grupos políticos con representación no parlamento autonómico e estatal son os principais impedimentos para este proxecto. A comarca da Coruña é unha das áreas urbanas de Galicia con peores accesos de toda a comunidade autónoma. Para constatar este feito non hai máis que desprazarse a Santiago de Compostela que conta cunha inmillorable rede de comunicacións ou visitar outras cidades e comarcas como O Salnés, Barbanza, Val Miñor ou moitas outras.

É necesario unha nova casta de políticos que se preocupen pola nosa comarca e que dunha vez por todas aposten pola ampliación da ponte da Pasaxe e da avenida Alfonso Molina, así como por rematar as

interminables obras da Terceira Rolda ou por finalizar a vía Ártabra para completar unha rede de comunicacións que permita circular cun tráfico fluído polas distintas localidades desta comarca. Unha área xa de por si atrasada en comunicacións se temos en conta o estado no que se encontra a rede de estradas comarcais, carentes de beiravías, con carrís dimensionalmente insuficientes, falta de nós de comunicación, cunha deficiente seguridade peonil e un longo etcétera de carencias. Esta rede foi definida por un mal chamado socialista ao que lle tocou gobernar na Xunta como estradas «da era de Franco», sen que no seu mandato fixera nada para remedialo.

Non vale de escusa dicir que non hai cartos para tratar os traballos cando diariamente vemos como se esquilman e desbaratan millóns de euros das arcas públicas en persoas e asuntos que non solucionan os problemas de Galicia.

O anteprojecto redactado por encargo do Concello de Oleiros para a ampliación da ponte da Pasaxe é unha obra sinxela que soluciona gran parte dos problemas de tráfico entre o noso municipio e A Coruña. Pero intereses ocultos ou operacións urbanísticas especulativas que se localizan no outro lado da ría teñen esta importante obra bloqueada.



A ampliación da ponte da Pasaxe proposta por Oleiros é unha obra sinxela que solucionaría gran parte dos problemas de tráfico entre Oleiros e A Coruña

O viveiro de empresas de Iñás acolle a actividade de tres novas empresas ▼



◆ O Concello adjudicou o aluguer de tres naves no viveiro de empresas situado no polígono comercial de Iñás a outros tres emprendedores que instalarán o seu negocio neste espazo municipal. Así mesmo, o Goberno local mantén aberto o prazo de solicitude para o aluguer de espazos neste complexo por parte de empresarios ou emprendedores. Desde o centro laboral situado no CMF Isaac Díaz Pardo nos Regos, os técnicos municipais facilitan toda a información necesaria ás posibles persoas interesadas. Estas naves contan cunhas condicións de aluguer



moi interesantes xa que existe unha carencia dun ano no pagamento do aluguer e fortes reducións na contía a partir do segundo exercicio en función do emprego xerado.

Ademais, as 15 naves restantes están sendo dotadas de novos servizos por parte do alumando dun obradoiro de emprego financiado pola Unión Europea a través da Xunta de Galicia.


Oleiros solicita á Xunta impartir 8 novos curso de formación ►

◆ O Concello de Oleiros, a través dos centros municipais de formación Isaac Díaz Pardo e A Carballeira, solicitou á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia oito novos curso de formación para persoas desempregadas. Deste xeito, Oleiros aspira a impartir para o vindeiro curso ciclos formativos en cociña, atención sociosantaria a persoas dependentes, instalación e mantemento de zonas verdes, instalación de mobles, auxiliar de viveiros, financiamento de empresas, montador de instalacións solares térmicas e escaiolista. As persoas interesadas en participar nestes cursos poden obter máis información no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo situado na urbanización Os Regos.



O Servizo de Asesoramento a Emprededores bateu récord de actividade o pasado ano ◀

Número de proxectos asesorados



■ Creáronse un total de 43 empresas que xeraron 62 novos postos de traballo

◆ O Servizo de Asesoramento a Emprededores da Axencia de Desenvolvemento Local bateu o récord de asesoramento o pasado ano. En total foron asesoradas 184 iniciativas empresariais. O 83 %, destas, pertencían a veciños de Oleiros e o resto a persoas de fóra do municipio. Ao longo de 2013 viron a luz un total de 43 empresas grazas a este servizo municipal. En total nestas empresas creáronse 62 postos de traballo. A Axencia de Desenvolvemento Local traballa ao longo deste exercicio para marcar un novo récord de asesoramentos e xeración de emprego.

Os centros municipais de formación, sinónimo de calidade

◆ Un ano máis os centros municipais de formación Isaac Díaz Pardo e A Carballeira pasaron a auditoría de calidade polo que están certificados no Sistema de Xestión de Calidade ISO 9001:2008. Esta certificación, que posúen moi poucos centros públicos de formación e emprego da nosa comunidade autónoma, certifica, baixo os parámetros da eficiencia, a calidade e o bo servizo aos usuarios e usuarias.

Viaxe Cara á Vida, unha importante iniciativa de Terra de Homes ▼

■ *A ONG coa que colabora o Concello busca familias de acollida temporal para nenos africanos convalecentes*

◆ A Fundación Terra de Homes é unha asociación sen ánimo de lucro nin orde política nin relixiosa coa que o Concello de Oleiros colaborou en moitas ocasións e que desenvolve a súa actividade en Galicia co noso municipio como epicentro. Esta ONG abrangue na actualidade un programa de atención médica especializada que se leva a cabo en países de África onde a situación da infancia é máis delicada. Dentro deste programa está o proxecto Viaxe Cara á Vida, do cal son beneficiarios os nenos e nenas desde 0 a 15 anos.

Viaxe Cara á Vida é un proxecto que dá unha oportunidade a nenos e nenas que necesitan un tratamento médico urxente e non o teñen nos seus países. Trátase de enfermidades graves que lles impide unha vida normal e que en ocasións causan o seu falecemento, para iso precisáanse familias de acollida, para que unha vez que saian do hospital poidan recuperarse nun fogar. Unha vez estean totalmente recuperados e contén coa alta definitiva, un período xeralmente que rolda os tres meses, producírase o regreso e volverán coa súa familia. Para colaborar con Viaxe Cara á Vida, como familia de acollida temporal, pódese contactar a través do teléfono 600 322 944 ou no correo electrónico: vhh.deleg.galicia@tierradehombres.org.



Oleiros contribúe á formación dunha traballadora nunha clínica sanitaria de Guatemala

■ *O Goberno local colabora coas Mercedarias Misioneras de Berriz para facer realidade este proxecto cunha persoa moi importante no desenvolvemento da súa comunidade*

◆ O Concello de Oleiros colaborará economicamente coa comunidade de Mercedarias Misioneras de Berriz do municipio guatemalteco de Colomba Costa Cuca para que, Doña Laura, unha muller moi comprometida con esta comunidade, fórmese como técnico de laboratorio e poida desenvolver a súa actividade na clínica local na que traballa actualmente. O índice de pobreza en Colomba é dun 69.17% e de pobreza extrema de 16.27%, segundo o PNUD os pobres obteñen 2 dólares por día e os de extrema pobreza 1 dólar por día; situación que se agudiza co desemprego. Para os mozos e as mulleres, as oportunidades son aínda menos. A formación desta muller de máis de 50 anos de idade, será moi importante para a clínica, xa que na actualidade atende unha media mensual de 350 pacientes no campo da alopátia, máis de 100 en medicina natural e 500 exames de laboratorio, labor do que se ocupará Doña Laura no canto de depender do técnico de laboratorio que visita periodicamente o dispensario.



O Concello financia un proxecto de ortopedia infantil en Nicaragua ►

◆ Oleiros colabora coa ONG Solidarida Galega no proxecto de acción humanitaria que leva a cabo na localidade de Estelí, en Nicaragua. Esta interesante iniciativa proporcionou asistencia sanitaria e cirúrxica na área de ortopedia infantil da devandita localidade. Estelí localízase na rexión norte do país, a 148 quilómetros de distancia de Managua e é unha zona cun considerable subdesenvolvemento e moitas carencias. Ata esta zona desprazáronse no pasado mes de marzo un equipo de profesionais sanitarios formado por unha coordinadora, tres traumatólogos, dous anestesistas e tres enfermeiras. Os profesionais sanitarios realizaron un traballo de consulta e diagnóstico entre a poboación infantil para logo proceder ás operacións nos casos que foi necesario. Durante a súa estancia levaron a cabo un total de 39 intervencións cirúrxicas en dez días de intenso traballo.



Oleiros *na* Memoria

Traballo realizado polas
persoas participantes nos
obradoiros de memoria
organizados polo
Concello de Oleiros



O transporte por mar

◆ A historia dos barcos de pasaxeiros en Oleiros é moi antiga, remóntase xa antes do século XVIII, A Pasaxe é o nome que se lle dá á marxe esquerda da ría do Burgo e a ponte que a cruza, este nome lémbra-nos a historia deste lugar onde xa no século XVIII existían xa catro barcos e trece dornas para pasar xente, cabalería, peixe e gando desde Perillo a Oza. Neste mesmo século o transporte de cabalerías desviouse ata o Camiño Real que cruzaba a ponte do Burgo. Pero o servizo continuou entre a Punta da Area en Santa Cristina e as Xubias, ampliándose máis tarde coa construción do peirao do areal e a posta en funcionamento da lancha de Perillo que seguiu funcionando ata finais do século XX. Lembramos as lanchas das Xubias que se chamaban “Yoli” e a “María” que levaba o señor Luis que apodaban “O Jarelo”.

A liña de Santa Cristina era da Familia Fernández Cabanas e empezou a funcionar en 1928. Tiñan varias barcas, algunhas de dous pisos, lembramos unha que se chamaba “la chinita” e tamén as longas colas de xente que se formaban no peirao nos días soleados do verán. Da historia dos barcos de pasaxeiros de Mera, atopamos referencias do ano 1789 que nos falan dun tal Bartolomé de Lago Illanes patrón de dorna e barqueiro de Mera. Tamén se sabe dun bote chamado “pajarito” que collía os pasaxeiros nunha pena chamada “a pena da barca” na praia de Espiñeiro, Xoez, estas lanchas eran a vela e a remo.

No ano 1899 oficialmente entra en servizo facendo a travesía Coruña- Mera a lancha chamada Carmen que era do Tío Xacinto Pereiro, este home segundo conta a súa filla Julia, fora mariñeiro noutras lanchas desde os 14 anos. No ano 1911 o seu cuñado coñecido como o tío Andrés do Jarelo armou outra lancha chamada Antonia. Un irmán do tío Xacinto chamado José María, foi armador por un tempo da lancha Francisca, que eran os nomes das súas donas. A Francisca foi fotografada na Marina coruñesa pola fotógrafa americana Ruth Matilda Anderson, na viaxe que fixo a Galicia no ano 1924 fotografando as xentes, costumes e os seus oficios.

Entre os anos 1901 e 1905 Xacinto e Xosé María emigraron quedando só a lancha do tío Andrés, que anos máis tarde, e xa con motor, dedicouse á pesca da baixura. Polo ano 1950 entraron ao servizo outras dúas lanchas, Santa Ana e Chelito, esta última levaba de patrón ao señor Romero e de cobrador a Juan Moscoso. Non duraron moito xa que nunha travesía chocaron e a Chelito foise ao fondo preto do peirao nas pedras do Sarredo.

As lanchas primeiro navegaban a vela, despois os barcos ao vapor do carbón e xa nas últimas etapas a motor. Retirada o Santa Ana entra en funcionamento o Júpiter patroneada polo señor Barreiro. No Júpiter e o Chelito a tripulación compoñíase de tres homes, o patrón, o maquinista e un mariñeiro que era o que cobraba e axudaba nas manobras de atraque e desatraque, e tamén na descarga da mercancía que levaba a xente a vender. O traxecto realizábase máis ou menos en media hora. Pola mañá había tres viaxes (ás 7.00, 8.00 e 9.00 h) para os obreiros, logo facían outra viaxe ás 13:30 h e volvía da Coruña a Mera ás 19.00, 20.00, 21.00 horas da tarde.

O Júpiter navegou en pleno funcionamento ata que empezou a funcionar a liña de autobuses que lle fai perder pasaxeres e pasa a facer só viaxes puntuais no verán. Ao final o Júpiter levouse a Lorbé e montouse como batea de mexillóns. Ademais das lanchas de transporte, ás veces nos trasladabamos á Coruña en barcos de pesca ou noutras embarcación como as que tiñan os irmás “Mivida” que levaban a xente os domingos para ver o fútbol.

En Santa Cruz había tres lanchas, a do tío Manolo de Pita que levaba Eliseo da Merla, a do tío Pequecho e a lancha do Asturiano. As lanchas de Santa Cruz eran abertas non tiñan cuberta como a de Santa Cristina, nin camarote como as de Mera, se había olas chegabas pingando á Coruña, pero cando o mar estaba moi picado en Mera utilizábase moitos dos seus pasaxeiros, e no verán, como en Santa Cristina, enchíase de xente que viña á praia ou a pasear.

En marcha «Paraísos cercanos», unha actividade de excursionismo e sendeirismo para persoas maiores



◆ O Concello pon en marcha unha nova edición do Programa municipal de excursionismo e sendeirismo para persoas maiores denominado Ven e Descubre 2014. Este ano, baixo o título “Paraísos cercanos”, os participantes descubrirán pequenas xoias da nosa xeografía, verdadeiras maravillas da natureza e da orografía galega. Sete rutas diferentes por lugares con encanto, especiais, de grande beleza e moi importantes polo seu valor histórico, cultural e natural.

As rutas vanse realizar en dous formatos diferentes. Por un lado, excursións en autobús, con pequenos itinerarios guiados, e rutas de sendeirismo, onde se introduce o grupo dunha maneira máis directa e activa co contorno, sen esquecer a importancia que ten o compoñente físico da actividade.

O Concello de Oleiros oferta dentro deste programa un total de 2.280 prazas dirixidas ás persoas maiores de 60 anos empadroadas en Oleiros. En total serán 18 rutas de excursionismo e 12 de sendeirismo, que permitirán que todas as veciñas e veciños de Oleiros maiores de 60 anos coñezan estes paraísos próximos. Ás persoas que lles interese coñecer máis a fondo o programa poderán consultar o folleto informativo nas instalacións municipais. Tamén poden a través da páxina web www.oleiros.org no apartado da Concellería de Servizos Sociais.



O voluntariado de Oleiros segue medrando ▼

◆ Cada día son máis as persoas do Concello de Oleiros que acoden para informarse e participar no voluntariado, o que pon de manifesto o importante espírito solidario e o compromiso que hai nas veciñas e veciños do Concello de Oleiros. Un grupo cada vez máis numeroso está a formar ese equipo de persoas dispostas a colaborar en distintos proxectos con aquelas persoas que máis o necesitan.

Nas reunións mensuais do grupo de voluntariado co equipo profesional de Servizos Sociais apostouse por vincular os voluntarios e voluntarias a cada un dos proxectos co fin de reforzalos e que vaian xestionándose

dunha forma máis autónoma e participativa, desta forma consolidáronse as actividades que xa estaban en marcha e creáronse grupos de traballo novos.

Os proxectos máis significativos están a ser o Banco Solidario, posto en marcha o pasado ano e que conta cunha grande actividade, e o novo voluntariado das bibliotecas. Un proxecto que arrancará en outono deste ano e que permitirá levar e devolver libros a domicilio a aquelas persoas usuarias desta rede que por problemas de mobilidade non poidan desprazarse.



PARTICIPA!!

Se queres participar podes contactar a través do correo electrónico voluntariado@oleiros.org ou no teléfono 981 610 000, extensións 3117 ou 3118

O Concello conta cunha grande oferta de deporte recreativo para este verán ▼



◆ O Concello de Oleiros, a través do Departamento de Deportes, prepara para este verán unha interesante oferta de deporte recreativo orientada aos mozos e mozas do noso municipio. Oleiros ofrecerá a posibilidade de practicar disciplinas deportivas moi particulares, como o surf ou o kajak de mar, aproveitando as posibilidades que nos presta o noso territorio. Deste xeito, desde o local náutico da praia de Santa Cruz, organizaremos as sesións de aprendizaxe e manexo de kaiaks de mar para rapaces de entre 10 e 14 anos, e na praia de Bastiagueiro

impartiranse clases de surf para mozos e mozas de entre 14 e 17 anos que queiran iniciarse neste deporte.

Ademais levaranse a cabo os campamentos deportivos, destinados a rapaces de entre 6 e 14 anos que inclúe o transporte desde os domicilios e nos que se realizarán actividades como, orientación, xogos populares, xogos acuáticos, escalada deportiva, actividades de loita, xogos malabares, olimpiada alternativa, patinaxe, actividades de orientación, salvamento e body-board.

Chega unha nova edición do triatlón ▼



◆ Coa chegada do verán, son varias as competicións que tradicionalmente se realizan no noso municipio. A primeira delas será o triatlón de Oleiros que se disputa o próximo 14 de xuño nas inmediacións da localidade de Mera. Posteriormente virán o trofeo de patinaxe de velocidade, o trofeo de chave e o trofeo de fútbol 11 coa participación de todos os clubs de fútbol do municipio.

Oleiros, berce de todas as disciplinas deportivas ▼



◆ O pasado 5 de abril celebrouse a exitosa I edición do Trofeo Concello de Oleiros de Ximnasia Rítmica, cunha participación de máis de 150 ximnastas de 12 clubs de Galicia. Ademais, o día 27 tivo lugar o II Trofeo de Natación Sincronizada coa presenza de equipos de toda a comunidade autónoma.

Grande actuación dos judokas oleirenses no campionato galego de judo

◆ Os judokas do Judo Club Oleiros levaron a cabo un excelente campionato galego no que acadaron un total de 11 medallas en categoría infantil e dúas en categoría cadete. Óscar Lage logrou a medalla de ouro na categoría infantil mentres que Uxía Algarra e Silvia Lage obtiveron o mesmo metal nos seus pesos en categoría cadete. Ademais, Lucía Rodríguez, Carlos Castellanos e Marta Castro acadaron a medalla de prata e Martín López, Iago López, Rubén Couce, Ivan de la Fuente, Claudia Fonte e Mireia Yañez levaron a de bronce. A próxima cita será no campionato nacional.

Oleiros investiu este curso máis de 52.700 euros en programas deportivos escolares

◆ O Servizo Municipal de Deportes do Concello de Oleiros investiu durante o actual curso escolar a piques de rematar, máis de 52.700 euros en programas deportivos escolares. Este investimento permitiu mobilizar a máis de 3.000 alumnos e alumnas. Ademais posibilitou acadar un plus de calidade na educación física dos nosos escolares ofertando aos centros escolares a posibilidade de realizar actividades complementarias que por si sos non poderían realizar.

Montañismo para os máis novos



◆ Co obxecto de aumentar a participación xuvenil e crear un grupo de mozos e mozas interesados nas actividades na natureza, o Concello de Oleiros pon en marcha Oleiros polo monte, unha actividade de sendeirismo de montaña cun nivel alto. A programación para este ano, suxeita a cambios por cuestións da climatoloxía e outros imprevistos é:

21 de xuño, Cordal Ancares

19 de xullo, Fervenzas do río Cambás

6 de setembro, Pico Catoute

A inscrición para estas rutas poderase facer por correo electrónico, c.xuventude@oleiros.org, por teléfono no 981 636 598 ou ben en persoa no centro cultural A Fábrica 15 días antes da celebración da ruta na que se queira participar.

Festival Coppelia, unha actuación conxunta do alumnado de música e danza

◆ Os escolares de música e danza levarán a cabo unha actuación conxunta para despedir a actividade lectiva deste curso. O acto, titulado Festival Coppelia, terá lugar o próximo día 21 de xuño no auditorio Gabriel García Márquez. Leváranse a cabo dous pases, un ás 12.00 horas e o outro ás 20.00 horas. O espectáculo constará de dúas partes, na primeira participarán os alumnos e alumnas de Street Dance e da especialidade de danza contemporánea. Na segunda parte, o alumnado de danza clásica interpretará unha adaptación de Coppelia, acompañado pola Orquestra Sinfónica da Escola Municipal de Música, composta polo alumnado da Orquestra de cordas e profesores da escola.



146 alumnos e alumnas da Escola de Música participan no Festival de Música e Movemento

◆ Un total de 146 alumnos e alumnas da Escola Municipal de Música participarán no Festival de música e movemento organizado polo Concello como parte dos actos de fin de curso das escolas municipais de música e danza. O acto terá lugar o próximo 14 de xuño ás 12.00 horas no auditorio Gabriel García Márquez.

O festival «O Mago de Oz» porá o broche de ouro ao curso da escola de danza



◆ O Concello de Oleiros organiza o festival O Mago de Oz no que participarán 151 alumnos e alumnas da Escola Municipal de Danza. Este acto terá lugar o 19 de xuño ás 18.30 horas no auditorio Gabriel García Márquez. Este espectáculo de danza, deseñado polos docentes da Escola Municipal de Danza, terá como centro principal una adaptación da clásica obra O mago de Oz, baseada na novela de L. Frank Baum. Nesta actuación, os escolares, de entre 4 e 8 anos, interpretarán a historia de Dorothy, que se verá nun mundo de fantasía no que coñecerá a tres personaxes peculiares que, coma ela, anhelan alcanzar un desexo.

O parque José Martí acolle un concerto da Banda da Escola Municipal de Música

◆ O vindeiro 27 de xuño ás 19:30 h, se o tempo o permite, a Banda da Escola Municipal de Música dará un concerto no Parque José Martí para que todos aqueles veciños e veciñas poidan gozar da música en vivo nesta incomparable paraxe. A actuación constará de tres partes, nas dúas primeiras actuarán os compoñentes máis novos, que forman as prebandas, e unha terceira parte na que a Banda da Escola levará a cabo un concerto de música cubana.



O Goberno local distribuirá 217.953,92 euros entre as entidades locais ▼

◆ O Goberno local aprobou a concesión de subvencións solicitadas por distintas entidades, asociacións e clubs deportivos ao amparo das normas de concorrência aprobadas o pasado 2 de setembro do pasado ano. Un total de 61 solicitudes distribuiranse 217.953,92 euros. Neste reparto primáranse aquelas peticións relacionadas co fomento de actividades educativas, culturais e deportivas destinadas a nenos e nenas e mozos e mozas. Ás 23 solicitudes do ámbito cultural outorgáranse 42.129 euros, 19.607,47 serán para asociación de veciños e 22.521,17 para outro tipo de entidades.

Para actividades deportivas presentáronse un total de 20 solicitudes entre as que se repartirán 63.425,91 euros, a equipos de fútbol destínase 43.030 euros e a outros deportes 21.235,13 euros. No ámbito educativo, o Concello distribúe 110.815,79 euros. Desta cantidade as ANPA percibirán 54.907,79 euros en concepto de actividades extraescolares, mentres que os centros de ensino percibirán 55.971 euros. Nesta última partida inclúense os 60 euros para os alumnos da ESO destinados a sufragar parte dos gastos da viaxe de fin de curso.



O alumnado aprende e coñece o seu Concello a través do roteiro cultural ◀

◆ O Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais, o Servizo de Normalización Lingüística e o IES Miraflores organizaron para o 15 e o 19 de maio o roteiro cultural e literario deste ano 2014. Esta actividade, que chega á súa terceira edición e na que participan alumnos e alumnas do último ciclo de primaria, da ESO e do bacharelato dos centros oleirenses, consiste no percorrido por distintos lugares do municipio nos que viviron diferentes mulleres e homes ilustres, como unha homenaxe a todos eles.

Este ano comezaremos en Dorneda, en Xaz, no pazo onde naceu Manuel Pardo de Andrade, visitaremos Montrove, onde viviu a matemática María Wonenburger e finalizaremos o percorrido na Casa do Concello, lugar onde traballou Manuel Lugrís Freire. En cada un destes lugares o alumnado do IES Miraflores fará unha presentación de cada un deles para as persoas asistentes, ademais haberá espectáculos que lembrarán a estes persoeiros e farán unha xornada de excursión inesquecible mellorando o coñecemento de patrimonio e espazos do termo municipal de Oleiros.

Toc Toc despide o mes das Letras para o alumnado máis novo ▶

◆ O Servizo de Normalización Lingüística organizou para o vindeiro 3 de xuño un concerto de Pablo Díaz para o alumnado de 6º de infantil e 1º e 2º de primaria dos centros de ensino público do Concello.

O espectáculo Toc Toc mestura rock, pop, folk e tamén soul coa tradición galega e consegue que os nenos e nenas bailen e canten na nosa lingua á vez que se educa en valores como a paz ou o ecoloxismo. A música actúa así como fonte de transmisión do galego ao promover que a xente miúda siga cantando as cancións e utilice o galego.



En marcha a XXIII Campaña de promoción da lectura nas bibliotecas públicas municipais

◆ O Concello continúa cunha nova edición da campaña de promoción da lectura. Esta iniciativa ten o obxectivo de que o alumnado dos centros de ensino público do municipio adquiran gusto pola lectura e amor polos libros, así como que coñezan algunhas das bibliotecas municipais para que as visiten e utilicen.

Esta campaña lévase a cabo na Biblioteca Central Rialeda en Perillo, na Biblioteca Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz e na Biblioteca Municipal Manuel María, en Oleiros. En función das necesidades e da programación de cada centro realízanse regularmente actividades específicas para os distintos cursos que o soliciten. Dentro destas actividades lévanse a cabo actos de presentación da biblioteca e explicación do seu funcionamento, contacontos e narracións ou dramatizacións de contos, a través dun enfoque lúdico e dunha vivencia activa cos libros.

Alfaroleiros cumpre 20 anos este verán



◆ Este verán celébrase a XX edición da feira de olería de Oleiros, máis coñecida como Alfaroleiros. Celebrarase do 6 ao 10 de agosto. Un ano máis oleiros de todo o país achegaranse ao noso municipio para sementar o parque Luís Seoane de Santa Cruz de tradición e bo facer,

permitindo así que o noso Concello faga honor ao seu topónimo e ás súas orixes. Paralelamente á feira, o Concello organiza un completo programa de actos culturais para completar a oferta de ocio tanto para os veciños, como para as persoas que durante estas datas visiten Oleiros.

Recta final do ciclo de cine de animación ►

◆ O Concello de Oleiros está a organizar ao longo deste mes un ciclo de longametraxes de animación. A diferenza do cine convencional, no que se rexistran imaxes reais en movemento continuo, no cine de animación constrúese un movemento inexistente na realidade mediante a proxección consecutiva de debuxos. Con esta iniciativa o Concello quere contribuír a visibilizar a importancia deste xénero dentro do panorama cinematográfico xeral. Os últimos filmes que se pasarán neste ciclo que se leva a cabo no auditorio do complexo cultural A Fábrica de Perillo serán De profundis e Arrugas. A primeira será proxectada o sábado 24 mentres que a segunda o día 31. O acceso será gratuito.



Encontro literario coa escritora Anxos Sumai

◆ O próximo 2 de xuño, ás 18:30 horas, na Biblioteca Municipal Rosalía de Castro de Santa Cruz levarase a cabo un encontro literario coa escritora galega Anxos Sumai para falar da súa obra Así nacen as baleas. Esta publicación recibiu o II Premio de Narrativa Breve Repsol e o Premio Arcebispo San Clemente que outorgan anualmente alumnado de diferentes institutos galegos. Tamén aproveitará esta visita para presentar a súa creación máis recente, a novela titulada A lúa da colleita que gañou no ano 2013 o Premio García Barros.



«Contos de amor, erotismo e morte», unha actividade de contacontos para adultos

◆ O Concello organiza unha actividade de contacontos para persoas adultas. A cita será o próximo 9 de xuño, ás 18.30 horas, na Biblioteca Municipal Rosalía de Castro de Santa Cruz. O espectáculo, titulado Contos de amor, erotismo e morte, correrá a cargo da contadora Charo Pita. A ollada, o silencio e como non, a palabra, son os protagonistas destas historias, que van desde a creación ata a morte, pasando pola vida, con toda a súa carga de erotismo. Contos para gozar da literatura oral e deses persoeiros que só se atopan nun momento de fábula.

Obradoiros infantís de olería e artes plásticas para os meses de verán

◆ O Concello de Oleiros, a través do Departamento de Cultura, organiza para os meses de xullo e agosto dúas actividades de olería e artes plásticas destinadas aos máis pequenos. O curso de olería, no que se iniciarán os cativos nesta arte, está destinado a rapaces e rapazas nados entre 2002 e 2007 e impartirase por quendas no alfar de Santa Cruz. Pola súa parte, o obradoiro de artes plásticas, achegará os escolares a diferentes técnicas creativas e nel poderán participar os nados entre 2002 e 2010. Para ter máis información sobre as quendas as persoas interesadas poden contactar co Departamento de Cultura.



TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

Muy señores míos:

Como persona jubilada desde hace algunos años que soy, quiero compartir y hacer público en este medio, mi sincero agradecimiento al Concello en el que resido, por el protagonismo y atención que nos dan a los vecinos que, como yo, hemos dejado atrás una vida profesional. Por eso deseo destacar las actividades: Talleres de memoria, yoga, Gimnasia y Senderismo que fueron mi salvación. La profesionalidad de los monitores es indiscutible y sin embargo no son esas aptitudes las que quiero alabar. Quiero hacer hincapié en su calidad humana, en sus generosos corazones que llenan estos encuentros de afecto, de alegría y de risas. Gracias amigos, por llamarnos a cada uno por nuestro nombre y, por encima de todo, por querernos.

Carlos Rivero Fernández
(Mera)

Local de ensaio

Hola! Levamos tempo esperando polos locais de ensaio, e tanto eu como os meus amigos, recibimos con moita ilusión a nova de que o Concello preparou un lugar de ensaio na Fábrica para grupos de música formados por mozos de Oleiros. A verdade e que está xenial que nos teña en conta e nós imos ser dos primeiros que o pensamos utilizar. Ideas como es-

tas son as que fan de Oleiros un sitio distinto.

P.C.B.

A Deputación esquecese de Oleiros

Son unha veciña de Rialta e escribo para felicitar o alcalde por ir á Deputación provincial a esixir o que nos corresponde. É unha vergoña o trato que estamos a recibir por parte do Goberno provincial e non hai dereito a que nos marxinen das reparticións como nos están a marxinar. Fai semanas viña no periódico que a Deputación deu diñeiro a Carral para facer un campo de fútbol novo e mentres a nós aos de Oleiros, non nos dá nin o que nos corresponde. A próxima vez que isto pase non ten que ir só o alcalde á Deputación temos que ir a protestar todos, porque parece que o presidente do PP se esquece dos cidadáns que vivimos neste municipio e bórranos do mapa só porque aquí eliximos a xente que fai as cousas de forma diferente, que traballa polo seu pobo de forma diferente.

C.D.A.

A costa de Dexo Serantes

Na miña opinión Oleiros posúe un dos enclaves máis bonitos de toda A Coruña. O pasado mes de febreiro a miña parella e eu fomos a facer unha ruta pola Costa de Dexo-Serantes e pareceunos un lugar máxico

e fermosísimo. Levamos 12 anos vivindo en Oleiros e non podíamos imaxinar que ao lado da casa tivéssemos unha paisaxe como esta. É de verdade espectacular. Animamos a todos os cidadáns que non o coñezan a que o visiten porque vale realmente a pena para unha excursión dunhas horas. A única pega é que a Xunta non o teña mellor indicado, xa que hai moitos camiños sen sinal, pero de todos modos non é complicado orientarse co mar de referencia.

Anónimo

El último de la fila

Parece que desde ciertos sectores se empeñan en no querer reconocer el trabajo de nuestro alcalde. He seguido por la prensa la polémica creada por la Diputación y me parece realmente lamentable y, sinceramente, de risa. ¿Cómo se puede repartir esa cantidad de dinero sin tener en cuenta a los ayuntamientos independientes? ¿Por qué el resto de partidos no dicen ni pío? Y lo peor, ¿Por qué los jueces o los fiscales o quien sea no hace nada al respecto? Yo particularmente nos siempre estoy de acuerdo con lo que hace el Ayuntamiento, pero de lo que no tengo duda es que por lo menos se preocupa por los ciudadanos. Yo animo a que el alcalde siga yendo a pelear por lo nuestro, porque de verdad que parecemos el último de la fila.

M.V.S.

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policia Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 614 784
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El O Vilar / Nós	981 664 257
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	14 maio / 13 xuño / 12 xullo
Mingua	21 maio / 19 xuño / 19 xullo
Nova	28 maio / 27 xuño / 27 xullo
Medra	7 maio / 5 xuño / 5 xullo

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

Horarios Cal Pita

Aeroporto de Alvedro **981 187 200**

Estación autobuses A Coruña **981 184 335**

Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



34.809 habitantes empadroados/as!

Ata o 2 de maio, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:

DEXO (Santa María)	1.360
DORNEDA (San Martiño)	3.432
IÑÁS (San Xurxo)	1.208
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.076
MAIANCA (San Cosme)	1.311
NÓS (San Pedro)	4.760
OLEIROS (Santa María)	2.939
PERILLO (Santa Leocadia)	8.151
SERANTES (San Xulián)	1.572
TOTAL	34.809

FARMACIAS DE GARDA

	Datas
<ul style="list-style-type: none"> MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937 	Do 2 ao 8 de maio Do 18 ao 24 de xullo
<ul style="list-style-type: none"> JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía de Castro, nº 247 (Perillo) PABLO LOSADA Rúa San Xurxo, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503 Mª ROSA CATIÑO PEREIRO Rúa San Xurxo, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890 	Do 9 ao 15 de maio Do 25 ao 31 de xullo Do 16 ao 22 de maio Do 1 ao 7 de agosto
<ul style="list-style-type: none"> Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440 	Do 23 ao 29 de maio Do 8 ao 14 de agosto Do 30 de maio ao 5 de xuño Do 15 ao 21 de agosto
<ul style="list-style-type: none"> MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184 	Do 6 ao 12 de xuño Do 22 ao 28 de agosto
<ul style="list-style-type: none"> PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845 	Do 13 ao 19 de xuño Do 29 de agosto ao 4 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932 	Do 20 ao 26 de xuño Do 5 ao 11 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165 	Do 27 de xuño ao 3 de xullo Do 12 ao 18 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> Mª DOLORES PEÑALVER BARRAL Avda. das Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás) 	Do 4 ao 10 de xullo Do 19 ao 25 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027 	Do 11 ao 17 de xullo Do 26 de setembro ao 2 de outubro

O Goberno local chega a un acordo para adquirir a finca Tenreiro

• O Concello creará un parque de 30.000 metros cadrados nas inmediacións do novo colexio de Nós



◆ O Concello acordou a adquisición da totalidade da coñecida como finca Tenreiro, un terreo amurallado de 30.000 metros cadrados e que conta con fermosas árbores centenarias situada na parroquia de Nós. Parte desta finca, ao redor de 11.000 metros cadrados xa era de propiedade municipal, de feito neste espazo estase a construír na actualidade o novo colexio. Os 20.000 metros cadrados que está a adquirir o Goberno local serán destinados a parque público.

O acordo coa fundación propietaria do terreo alcanzouse a cambio dunha cantidade en efectivo e parcelas urbanas de solo edificable que suman un total de 1.000 metros cadrados noutras zonas do municipio e adquiridas polo concello a través de convenios urbanísticos. O Goberno local consegue deste xeito a creación dun gran parque público no corazón do centro urbano dun dos núcleos máis representativos da parroquia de Nós.